

## HISTORIA DE ESPAÑA

### OPCIÓN A

**ORIENTACIÓNS:** *Os seguintes documentos permiten a realización dunha redacción que teña por tema central as relacións entre a Igrexa e o Estado dende a implantación do liberalismo na década de 1830 ata a guerra civil. Nela debes abordar as seguintes cuestións: A desamortización eclesiástica vinculada á implantación do liberalismo; as mudanzas nas relacións Igrexa-Estado en función do carácter conservador ou progresista dos distintos gobernos e réximes políticos; o aliñamento político da Igrexa na guerra civil. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

#### **Doc.1.-Desamortización (1836):**

“Art. 1º. Quedan declarados en estado de venda dende agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas (...)”.

#### **Doc.2.-Constitución de 1845:**

“Art. 11. A Relixión da Nación Española é a Católica, Apostólica, Romana. O Estado obrígase a manter o culto e os seus ministros”.

#### **Doc.3.-Constitución de 1931:**

“Art. 3. O Estado español non ten relixión oficial (...)”.

Art.26. (...) O Estado, as rexións, as provincias e os municipios non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente as Igrexas, Asociacións, e Institucións relixiosas. Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do orzamento do clero”.

#### **Doc 4.-Carta colectiva dos bispos españois en xullo de 1937:**

“Afirmamos, ante todo, que esta guerra foi provocada pola temeridade, os erros, se cadra a malicia ou a covardía de quen puideron evitala gobernando a nación conforme á xustiza (...). Foron os lexisladores de 1931, e logo o poder executivo do Estado coas súas prácticas de goberno, os que se empeñaron en torcer bruscamente a rota da nosa historia nun sentido totalmente contrario á natureza e esixencias do espírito nacional, e especialmente opostos ó sentido relixioso predominante no país (...)”.

A guerra é pois un plebiscito armado (...), loita cruenta dun pobo partido en dúas tendencias: a espiritual, do lado dos sublevados, que saíu en defensa da orde, a paz social, a civilización tradicional e a patria, e moi evidentemente nun grande sector para defensa da relixión; e doutra parte a materialista, chámese marxista, comunista ou anarquista, que quixo substituír a vella civilización de España (...) pola novísima “civilización” dos soviets rusos”.

## HISTORIA DE ESPAÑA

### OPCIÓN B

**ORIENTACIÓNS:** Os seguintes documentos permiten realizar unha composición sobre a evolución da política económica durante o franquismo. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: A etapa autárquica (contexto, obxectivos, sectores estratéxicos e resultados); a etapa “desarrollista” (razóns e obxectivos, bases do crecemento económico e balance do mesmo). Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

**Doc.1.-“Fundamentos y directrices de un Plan de saneamiento de nuestra economía, armónico con nuestra reconstrucción nacional” (1939), por Francisco Franco:**

“O problema máis grande que se lle presenta á economía española é o desnivel desfavorable da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Suprimilo ten que constituír a directriz principal da nosa política económica, xa que, doutra maneira, se produciría o fenómeno de que a riqueza nacional continúa a esgotarse nesta sangría de centos de millóns que anualmente vai vigorizar a economía dos países exportadores (...).

Imponse á nosa política comercial no exterior:

- 1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.
- 2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.
- 3º. Implantación de novas industrias e regadíos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.
- 4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

**Doc.2.-O historiador J. L. García Delgado valora así a política autárquica:**

“O significado último desa pobreza de resultados durante a etapa inicial do franquismo ten unha dobre dimensión: por unha banda, supón o remate do proceso de crecemento moderado pero mantido que se prolonga en España durante o último terzo do século XIX e o primeiro do XX; por outra banda, ocasiona o ancheamento da fenda que separa a traxectoria de España respecto á doutros países europeos; unha diferenza que, en ritmos de crecemento e de produto real por habitante, se amplía enormemente durante eses anos. Non se esaxera, por conseguinte, cando se sitúa nese decenio dos anos corenta a pasaxe máis negativa da nosa historia económica e contemporánea, coa cruenta eliminación dos partidos políticos e organizacións de clase, con rixida disciplina laboral e drástica fixación de salarios, con mutilación das liberdades individuais e a perda, nuns casos, e marxinação noutros, dun capital humano irrecuperable. En suma, o fracaso económico correu entón paralelo á regresión política e social”.

**Doc.3.-Decreto-Ley de 20 de xullo de 1959, coñecido como Plan de Estabilización:**

“Ao remate da Guerra de Liberación, a economía española tivo que se enfrontar co problema da súa reconstrución, que se vía retardada naqueles momentos pola insuficiencia dos recursos (...) como consecuencia da contenda.

A guerra mundial e as repercusións que trouxo consigo aumentaron estas dificultades e pecharon gran parte dos mercados e fontes de aprovisionamento normais (...).

Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigas asumidas por España como membro de pleno dereito da OECE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obriga de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país”.

**Doc.4.-O Seat 600, un dos emblemas do “desarrollismo”:**



**Doc.5.-Emigración exterior entre 1951 e 1980:**

| ANOS    | AMERICA | EUROPA  |
|---------|---------|---------|
| 1951-60 | 668.003 | -----   |
| 1961-70 | 232.221 | 779.592 |
| 1971-80 | 51.663  | 447.794 |

**Doc.6.-Evolución do número de turistas, 1961-1973:**

| ANO  | Nº (MILLÓNS) |
|------|--------------|
| 1961 | 7,4          |
| 1964 | 14,1         |
| 1967 | 17,8         |
| 1970 | 24,1         |
| 1973 | 34,5         |

**HISTORIA DE ESPAÑA****OPCIÓN A**

**ORIENTACIÓNS:** *A partir dos documentos que seguen debes compor un texto sobre a transición política á democracia. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: O inicio do proceso por unha vía reformista; o proceso constituínte e a Constitución de 1978; as dificultades (terrorismo, golpismo); a chegada do PSOE ao poder. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

**Doc.1.-Logo de ser designado Presidente do Goberno polo Rei, Adolfo Suárez diríxese ao país (6 de xullo de 1976):**

“A meta última é moi concreta: que os gobernos do futuro sexan o resultado da libre vontade da maioría dos españois, e para iso solicito a colaboración de todas as forzas sociais (...).

A Coroa ten a vontade expresa de acadar unha democracia moderna para España, unha democracia na que a liberdade, a xustiza, a participación, a paz e a cultura sexan o froito do esforzo de todos e o resultado do que todos se beneficien”.

**Doc.2.-Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes o 18 de novembro de 1976:**

Art.1º.1. A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo.

2. A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art.2º.1. As Cortes compóñense do Congreso dos Deputados e do Senado.

2. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.

3. Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos”.

**Doc.3.-Na campaña para as eleccións de xuño de 1977, o candidato de UCD, Adolfo Suárez, pronuncia o seguinte discurso:**

“Prometemos volverlle a soberanía ao pobo español, e pasado mañá exércea.

Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos.

Prometemos que todas as familias políticas poderían ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden acadalo (...).

Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con todos os grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escaños (...). Podo prometer, e prometo (...), dedicar todos os esforzos a acadar un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que ha seguir a economía española nos vindeiros anos (...). Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características”.

**Doc.4.-Constitución de 1978:**

“Art.1.1.-España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1.2.-A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

1.3.-A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Art.2.-A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Art.3.1.-O castelán é a lingua española oficial do Estado (...).

3.2.-As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (...).”

**Doc.5.-Mensaxe de Juan Carlos I, emitido por radio e televisión na madrugada do día 24 de febreiro de 1981:**

“Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no Palacio do Congreso, e para evitar calquera posible confusión, confirmo que ordenei ás autoridades civís e á Xunta de Xefes de Estado Maior que tomen as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente (...).

A Coroa, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar de xeito ningún accións ou actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático (...).”

**Doc.6.-Resultados das eleccións xerais de 1982:**

| PARTIDOS | ESCANOS |
|----------|---------|
| PSOE     | 202     |
| AP-PDP   | 106     |
| UCD      | 12      |
| CIU      | 12      |
| PNV      | 8       |
| PCE      | 5       |
| OUTROS   | 5       |

SETEMBRO 2016

**HISTORIA DE ESPAÑA****OPCIÓN B**

**ORIENTACIÓNS:** *Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España desde as súas orixes ata a crise da Restauración. Na composición, e atendendo á contextualización dos documentos, debes tratar cando menos as seguintes cuestións: razóns e reivindicacións obreiras; formas de organización e loita; caracterización ideolóxica das principais organizacións obreiras. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

**Doc.1.-A destrución das máquinas. O exemplo da Fábrica de Tabacos da Coruña recollido en *El País. Diario de Pontevedra* (13 de decembro de 1857):**

“O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade (A Coruña). Parece que no canto dos cigarros que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura e (...) crearon un taller de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como ambas operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que a penas sacan a terceira parte do xornal que adoitaban (...). Alporizáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruíndo todo o tabaco (...), racharon e fixeron anacos as máquinas novas (...), tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nas habitacións do director”.

**Doc.2.-En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera* publicaba a seguinte petición ás Cortes:**

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e dos cuartos é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ao taller as nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataquedes a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concorrència, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédesenos só para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

**Doc.3.-Neste artigo publicado en setembro de 1872 en *La Defensa de la Sociedad*, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT):**

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ao cidadán humilde e ao elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ao traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ao goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade. ¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes dos que os seus intereses morais e materiais están ameazados, se as clases léxítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo onde empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

**Doc.4.-En marzo de 1917, este Manifesto conxunto da UGT e a CNT propón a folga xeral, que sería definitivamente convocada en agosto:**

“O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da *Unión General de Trabajadores* e os da *Confederación Nacional del Trabajo* acordaron por unanimidade: Primeiro: (...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

### OPCIÓN A

Como tema que abordar, as relacións Igrexa-Estado como un asunto recorrente na España contemporánea. Débese dar resposta ás cuestións formuladas nas orientacións:

- O carácter cambiante da relación en función da maior ou menor sintonía política entre as dúas partes.
- A desamortización de Mendizábal entendida como ruptura co Antigo Réxime neste ámbito, comentando a perda de poder económico e político que implica para a Igrexa e a confrontación entre esta e o novo Estado liberal.
- A Constitución de 1845, que -seguida polo Concordato de 1851- mostra a reconciliación entre Estado e Igrexa posibilitada pola hexemonía do moderantismo durante o reinado de Isabel II.
- A instauración dun Estado laico en 1931, non aceptado pola Igrexa e -xunto coas reformas noutros ámbitos- factor explicativo da súa postura a prol dos sublevados en 1936, e do protagonismo que a Igrexa terá na conformación do franquismo.

### OPCIÓN B

Como tema que abordar, a evolución da política económica durante o franquismo, así como dos seus resultados, caracterizando basicamente as dúas etapas e integrando na redacción a resposta ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- A etapa de autarquía, que debe ser contextualizada (posguerra, illamento internacional...) e tratada nos seus obxectivos e resultados, mencionando os sectores considerados estratéxicos.
- A etapa “desarrollista”: as razóns do cambio, os seus obxectivos e as bases do crecemento económico dos anos sesenta (emigración, turismo, investimentos estranxeiros...).

Deben ser valoradas as referencias concretas a instrumentos políticos, legislativos ou institucionais que se realizan en cada etapa (INI, Plan de Estabilización, Planes de Desarrollo...).

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

### OPCIÓN A

Como tema a abordar, a transición democrática dende o seu inicio por unha vía reformista ata a súa consolidación, exemplificada na vitoria socialista en 1982. Na resposta ás cuestións, e valéndose dos documentos, débense tratar as seguintes:

- Caracterización da opción reformista adoptada fronte ás aspiracións inmovilistas e rupturistas.
- A celebración das eleccións de 1977, que marca o inicio do proceso constituínte, comentando os trazos esenciais da Constitución de 1978.
- As dificultades que o proceso afrontou dende posicións extremas (golpismo, terrorismos).
- O triunfo electoral socialista en 1982, que simboliza a consolidación do réxime democrático na medida en que posibilita a alternancia no poder.

# Criterios de Avaliación / Corrección

Valoraranse aportacións específicas sobre elementos como a posición da monarquía no proceso, o papel de destacados líderes como Adolfo Suárez ou Felipe González, ou a caracterización básica das principais forzas políticas do momento e da súa actuación.

## OPCIÓN B

Como tema a abordar, a evolución do movemento obreiro dende as súas orixes ata a crise da Restauración, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

-As razóns derivadas da nova conflictividade social entre burguesía e clase obreira que o avance da industrialización propicia.

-As reivindicacións obreiras nos ámbitos sociolaboral (condicións de traballo, dereito de asociación, xornada, traballo feminino e infantil, salarios...) e político, destacando neste último o papel da conflictividade obreira na crise da Restauración.

-A evolución das formas de loita e organización obreira: ludismo, asociacionismo, internacionalismo, sindicalismo.

-A caracterización das principais organizacións de traballadores (UGT, CNT), destacando o protagonismo do anarquismo e do socialismo como tendencias ideolóxicas predominantes no movemento obreiro.